



Camilo Camaño Xestido

ARTE E NATUREZA

INTERVENCIÓNS E PERFORMANCE





Camilo Camaño

Cangas do Morrazo (Pontevedra) 1951.

Rebelde cos plantexamentos docentes e crítico co desenvolvemento sociopolítico da súa época, pintor e escultor, interesado polo tratamento de espazos, arquitectura, deseño e creatividade plástica (pintura, escultura, obra gráfica, ilustración, escenografía).

Director da Casa da Cultura de Cangas e Responsable de Arte e Patrimonio, activista cultural e, cofundador e membro de diversos colectivos cívicos, culturais e artísticos: Colectivo Galaico - Luso GALUART -GRUPO 13-, Asociación Galega de Artistas Plásticos e Visuais (AGAV), "Carballart", "Raíces", "3 + 3 Vigo", membro de honra de Le Circle des Artistes Peintres et Sculpteurs du Québec, fundador da Casa - Museo de Camaño Xestido "A Mangallona". Xurado e Comisario de diversas exposicións e certames nacionais e internacionais. Institúe no 1989 o Premio ó Labor Cultural e Investigación "Luces na Mangallona".

Ilustra diversos libros como: "Palabras que hablan" e "Poemas Dulces" de Rafael Mayor, "Os Canteiros e os Reloxos de Sol" Jozef Van Linthoudt, "Veleiro de Soños" de Xosé Santos, "Taberna de Soños" de Serafín Graña Rúa, "Bernardino Graña, 75 aniversario", "Anxo Gago- Manxadoira", "Mar de Soños" de Bernardino Graña, etc.

Colabora na rodaxe documental "La Generación del 98", coprotagonizando o personaxe de Don Manuel María del Valle Inclán, baixo a dirección de Xosé Alexandre Criebeiro.



Fundación Casa- Museo de Camaño Xestido "A Mangallona"

AGRADECEMENTOS

Ao colectivo organizador do evento,
e de xeito persoal ao incondicional amigo
Antón Sobral, por me convidar.

A Karin Hölzlarimme, por me tolerar
e testemuñar todo o suceso creativo.

A Celia, por me asistir.

A Protección Civil e veciñanza por me emprestar ferramentas e utillaxe.

Ao colectivo de artistas participantes e asistentes ao acto,
polo seguimento e comprensión.

Proxecto creativo
“Arte e Natureza” en tres movementos
I Galiza Profunda, mestura de Mar e Monte -intervención-
II Galiza Eterna, Mar e Monte -intervención-
III Arte e Natureza -performance-

Autor, actor e creador
Camilo Camaño Xestido

Intervencións e realización
Camilo Camaño Xestido

Fotografías
Karin Hölzlarimme Universidade de Passau - Alemaña
T. Palmás Veiga (retratos de Camilo Camaño)

Textos de autor
C.M. Cardona Camargo- Sastre
Xosé Vázquez Pintor
María Núñez Jalda
Camilo Camaño Xestido

Texto de introdución
Pensamentos compartidos por varias testemuñas

Revisión dos textos
Xosé Manuel Pazos Varela, Vanesa Sotelo

Maquetación
Beatriz Giráldez Camaño · *adatrix*

Edita
Fundación Casa - Museo de Camaño Xestido “A Mangallona” A.C.
Cadernos da Mangallona - Nº 1

Imprime
Sacauntos Cooperativa Gráfica

Depósito legal
PO 517-2013
I.S.B.N.
978-84-616-6821-2

CADERNOS DE A MANGALLONA - Nº 1

ARTE E NATUREZA

Intervencións e performance realizadas por Camilo Camaño Xestido, durante o encontro “Arte e Natureza” no espazo natural de Portomaril do Concello de Forcarei, en agosto-setembro de 2002.



*Ao meu pai Camilo, finado a vintecatro días da realización do ilustrado nesta publicación. A miña nai Carme e ás miñas irmáns Mucha e Tina, tamén nais. Ás miñas fillas Thania e Xiana, tamén a Mariña. A miña netiña Nora, que é quen de me facer vivir e crear con ilusión renovada.
Ao meu Anxiño.*



CAMILO

Vagante anda e vai o ser humano dende os ancestros, a prol da tanta vida. Son a terramar de seu quen nutre as avenidas dos corpos que se deixan espirar despois de tanto e grande oficio na desmesura do silencio. E camiña un ollo proteico canda o instinto. A fauna que vai por fóra axexa a quen vai dentro. E así cadran as figuras na paisaxe do tránsito ou no estatismo en cavilar quen son eu ou a quen procuro en avenidas dende as marusias e as distancias. Ollar os corpos é devecer. Qué non será asubiar en dentro, onde todo cadra, conforma, afina os violinos para a música, resiste a contorsión das tantas vidas como somos e pronuncia hemeroteca, esa palabra dos ancestros, onde están as caravillas do uso e máis do fuso que fía na roca e máis na mazaroca, tales eran os designios da felicidade tanta dende os mences dos séculos que se abrían cos alisios e azoutaban no monzón a imaxe máis feliz, a que nos ispe, a que nos deixa en autos: autoestima, autoodio, autopsia, autopista, autocar, autopulo ou autoasfixia. Dende os milenios un lenzo percorre o mundo. E as belas artes queren a saba en limpo. Os ollos fitan o enigma e as maus son aspas a dicir silencios. Navega o corpo. Ela. El. En singular de oficio. Na vertixe dos medos ao imperfecto. E o ditame ha ser un eco e máis un oco para a historia das grafías. Son plural os que se deixan no desbroce, cara á palresía dos medos e das águilas. Nos outonos sempre son oficio. Eu prefiro en primavera de abril, coa chuvia en denso, coma bágoas de alfinete en acaído, coma avésporas, nunca avelaiñas. A dozura non está para os silencios. E zune a mañá de abellas que se deita no serán co mar perverso, mutante, para que o solpor exista e así cabe toda aquela luz nun queipo de sangueño.

Velaí a marabilla! Home en guedellas de Absalón, errático o fulgor da súa ollada. Os caramuxos a saíren do imperfecto e a rocha humana axeita os medos que non son de lonxe. Cabe un berro de exilio ou de vitoria. A cámara feliz é diacrónica e perversa. Xa non importa. O corpo voa, axeita os brazos coma en aspas e os apéndices son para noutras. Nada é senón a Vida. E habita en pé todas as horas, todas as noites: o asorriso, o frémito, a terramar en danza, mailos días.

Xosé Vázquez Pintor
Cangas, marzo 2013





*interior,
naturaleza,
equilibrio*

.....

INTRODUCCIÓN

INTRODUCCIÓN

Dábanse cita diversos creadores e creadoras de diferentes disciplinas das Artes Plásticas e Visuais, procedentes de lugares varios, mesmo vidos de distintos países, representando a Facultades de Belas Artes algúns, convidados outros, todos co mesmo obxectivo final, participar nun encontro en pleno medio natural, intercambiar conceptos e experiencias, crear en vivo e en directo, expresar sentimentos ou simplemente contemplar os manifestados polos demais, contar historias a través da acción plástica, narrar acontecementos vividos ou soñados, contestar e denunciar sucesos, accións que van afectar ao ser humano e ao seu hábitat, á vida do planeta.

Camilo comeza por crear un diálogo plástico coa natureza de forma sólida para logo pasar a unha narrativa efectista e efémera. De seguro que en contadas ocasións se poida ter a oportunidade de vivir unha intervención con tal grao de implicación e compromiso. As testemuñas presenciais, damos fe de



que se tratou de algo máis de corenta minutos, nos que Camaño Xestido se mestura co medio, mergúllase nel, e nel déixao todo. Baléirase literalmente, entrégase absolutamente, para que a obra adquira a vida e filosofía pretendidas. Máncase, fírese, tortúrase física e psiquicamente, co obxectivo de pechar o círculo da obra proposta, de poder testemuñar toda esa impotencia, dor, ou rabia contida. De expresar toda a indignación contra tanta mentira, contra tanta farsa, contra tanta inxustiza exercida polos seus



administradores, lamentable fin o resultante de tanto esforzo, de tanta loita, de tan maiúscula represión sufrida, de tantas vidas perdidas polo camiño.

Camilo, neses momentos, está disposto a dar a súa propia vida en favor da humanidade, como xa o tiña sentido noutras ocasións, pois para el, un home é só iso, un home, un individuo, algo insignificante e perecedeiro e, se queremos elevalo a algo superior, hase valorar dentro da comunidade, do conxunto da humanidade, en perfecta harmonía co medio que o acolle. É xustamente aí, onde todo comeza a ter sentido, por iso a denuncia, a condena de toda acción en contra deses valores, contra



a constante agresión á natureza e á humanidade, simplemente para favorecerse uns poucos, ou uns poucos máis, aos que en absoluto lles importa o sufrimento dos demais, a fame, as miserias polas que están pasando as tres cuartas partes da poboación do planeta.

Esa reflexión leva a Camaño Xestido a esta intervención que, a xeito de acta notarial, nárranos infindos sentimentos encontrados. Os do seu profundo respecto e amor pola súa Patria, ese xeneroso binomio, mestura de mar e monte en perfecta consonancia, que malia tantas agresións e humillacións, mesmo intentos de facela desaparecer, segue na resistencia: Galiza. Quere concluír con esa constante denuncia contra a agresión ao medio, ao conxunto da humanidade. Esta é a parte máis álxida e ao tempo máis crúa e cruel, na que, espido como veu ao mundo, entregase a él, na súa defensa. Primeiro canta, canta á xenerosidade que nos ofrece a natureza, á contorna que nos permite vivir nela, ás bondades coas que nos agasalla polo simple feito de estar nela, ata que a man do home a agrede por meros intereses tan efémeros como a obra que o artista nos ofrece. Neste intre, narra como a destrución se apodera do planeta ata reduci-lo a lixo, ata facelo sucumbir, e así convertelo nun mundo tristemente enfermo, desolado, moribundo. Camilo, neste cadro da súa intervención, maniféstase a través dunha terrible loita ata o límite do seu ser, ata quedar exhausto, desangrase interior e exteriormente, abandónase. Algo arrepiante, a entrega era absoluta, parecía non importarlle nada, simplemente entregaba a súa vida a cambio de ser escoitado, de que a súa denuncia chegase e eses grandes poderes políticos, xurídicos, económicos, coa única pretensión de deter tanta destrución, tanta agresión, tanta xenreira, tanta violencia.

O grao de deterioro físico e mental de Camaño Xestido, durante aqueles algo máis de corenta minutos que durou esta intervención, foi tal que estamos seguros de que o seu organismo podería ter sucumbido, podería ter morto como o narrado e seguramente ese fose o seu desexo nese intre, talvez, a modo de redención.

É posible que o seu esforzo non cumpra o seu desexado obxectivo, que a sociedade sigamos ollando para outro lado, que os que teñen nas súas mans o poder de resolver e dar sentido a estas denuncias, traten de ningunear tan xenerosa, sufrida e cruelmente vivida intervención plástica, que a ignoren, pero aí está a acción, o testemuño, tan imperecedoira e intemporal, como efémera na súa construción, na súa creación. Nós marcharemos pero o testemuño ficará, a obra seguirá tan viva como





durante a súa execución. Picasso dicía ao seu retratado que aseveraba non recoñecerse na obra “... que máis dá, xa te parecerás, ou no caso de que non sexa así, ninguén te lembrará, porén, a obra permanecerá e coñecerase como o teu retrato...”.

Este é o caso, aínda que graficamente, a obra e o seu significado poderán co tempo, cos seus detractores e, en maior ou menor medida, acadará o efecto pretendido polo seu creador.

Pensamentos compartidos por varias testemuñas



Reflexións sobre unha actuación plástica contestataria, rebelde e demandante, efémera mais contundente e ateigada de humanidade. Intemporal.

ARTE E NATUREZA


Performance realizada por Camaño Xestido nun encontro de arte en 2002.

Era entre o remate de agosto e o comezo de setembro, un venres e un sábado nos que se concluía en Forcarei unha semana de traballos, intervencións e charlas, debates sobre o tema que dá título a este comentario: ARTE E NATUREZA. Un xeneroso espazo, unha contorna como feita para este encontro de creadores e creadoras, a do Campamento- Albergue de Pontemaryl, que a Xunta de Galiza posúe neste singular enclave natural. Múltiples artistas procedentes da comunidade autónoma, nacionais e internacionais. No ambiente flotaba unha mestura de ansiedade, emoción e intención desmedida de expresarse artisticamente ou, talvez, en casos, de aproveitar o momento creativo para contestar, para denunciar, para dar renda solta a ese berro contido, que a modo de nó en peito e gorxa, semellaba afogo mortal, ...o caos, como se trataba nesta ocasión. Acaso Camilo sumaba a súa xa maiúscula sensibilidade, o golpe sufrido ao ter coñecemento do recente pasamento do Mestre Chillida, acontecido o pasado 19 de agosto, data na que lle dedica ao escultor unha das súas obras?...Ou trataríase quizais do presentimento da despedida do seu pai e amigo, tamén Camilo, que debido a unha anunciada negligencia médica, estaba sometido a unha agonía terminal, que concluiría fatalmente semanas máis tarde, concretamente o vintecinco de setembro? Calquera das razóns, se influíron, provocaron unha reacción pouco esperada en Camaño Xestido, pasando de actuacións plásticas físicas e case naturais do momento, a un estado preagónico e ao tempo de excitación, pasaría do físico e real, ao máis puro conceptualismo, expresionismo e surreal.

A miña participación, que estaba predestinada case exclusivamente a ser espectadora do que alí acontecera, foise modificando paseniñamente ata sentirme involucrada e identificada con toda aquela manifestación que, a través da arte, demandaba a berros a defensa e protección do noso medio ambiente e os seus recursos naturais.

Ver os traballos realizados e outros en proceso foi unha experiencia fermosa, excepcional. Cada artista desde a súa especialidade, testemuñaba unha demanda de conciencia sobre a situación que





sofre o noso planeta e o atopelo que estamos a cometer co medio natural e do cal parecen non tomar conciencia a maioría dos poderosos, como se vivisen noutro planeta, como se este mundo só se acabara para os outros e non para eles, ...para nós.

Nunha paisaxe case inimaxinable, onde a natureza fixo un traballo marabilloso e pola que as xentes destas latitudes procuran de xeito incesante a súa conservación, puiden experimentar sensacións e sentimentos que me transportaron desde a exaltación pola creación e protección da vida, ata a dor máis esgazadora de vérmonos presos dun futuro sen futuro, sen vida, sen natureza.

O artista Camilo Camaño Xestido interactuara coa contorna, coa natureza, coa abundante auga do Lérez que acariñaba campos e fornecía un muíño próximo, co leite deste, aproveitando calquera resto desprendido das abundantes árbores, coas súas secas follas mesturadas con pigmentos en augas mortas. Todo un canto á súa Patria, á súa Galiza, a súa profunda e eterna Galiza omnipresente en cada célula do seu ser, a esa mestura de Mar e Monte, como adoita a expresar cando a ela se refire. Conclúe o día, tamén dúas actuacións, dualidade de plástica e poesía tamén levada á plástica, partes físicas e permanentes, outras perecedoiras e efémeras.

De camiño ao lugar da cea, na mesma contorna, coméntanos que durante as anteriores actuacións, roldaba pola súa mente algo excepcional para desenvolver á mañá seguinte, inconcreto pero claro, con dificultades, pero con posibilidade de resolvelas aínda que tivese que reinventalas. Todo ese tempo e durante a sobremesa, vese profundamente centrado, pensativo, alleo ao que sucedía no seu e noso arredor. Ao despedirse, simplemente asegura de que a noite vai ser decisiva. E así debeu selo, posto que antes do almorzo desaparece. Ao reincorporarse ao grupo, simplemente nos insiste en preguntar, sobre todo dirixíndose a Karin Hölzlarimme –que representaba neste encontro á Universidade de Passau - Alemaña– , pois era a responsable de testemuñar todo o que fose sucedendo durante o evento, fotograficamente: Impórtavos verme espido? Ela, así como o resto do grupo, asegura non importarlle en absoluto, pois tratábase dunha actuación plástica, dunha acción creativa. Quedamos á hora e no lugar escollido e alí nos presentamos convenientemente. Explícanos no que vai consistir a intervención e indícame que lle vaia aportando elementos segundo mos solicite. A contorna estaba ateigada de obxectos buscados a propósito e intencionadamente con anterioridade por Camilo. Expectantes, agardamos indicacións. Todo sucedeu coma un soño, coma un pesadelo, con certa preocupa-





ción pola excesiva implicación, aínda que pola súa parte, cunha increíble aparente tranquilidade e, se cadra, como ausente do espazo que o envolvía.

Camilo, sempre criticamente creativo, demandante, activista, vangardista, pero sobre todo sensible con todo o que da defensa e respecto pola vida se trate, realizou unha performance composta por tres momentos ben diferenciados e, excelente e exquisitamente interpretados, eu diría vividos, padecidos e sufridos cada un deles no seu desenvolvemento polo propio Camaño Xestido, quen non deixou unha soa fibra do seu corpo e da súa alma sen involucrar.

Siiii!!!!, é a única palabra que no primeiro cadro se escoitou, como un berro de esperanza á vida que xorde desde e de entre a natureza, protexida, sen alteracións, e a ledicia que isto conleva en si mesma. Pero inmediatamente comeza a debacle: este home, ao igual que o medio no que habita e do cal xorde, comeza a manifestar agresión. É alí, onde a aparición dos elementos de destrución dan



orixe á primeira imaxe arrepiante, esta nova vida indefensa, inocente, comeza a sangrar en forma de bágoas, polas feridas provocadas por cada acción humana, desaprensiva, indolente; rómpese aquí ese medio protexido, salvaxe e natural. Comeza a degradarse a vida.

No segundo cadro, todo é silencio e, este ser, séntese abatido, despojado, expulsado, moribundo nun cúmulo de desfeitos, de lixo, de refugallo, de fogo, de morte, que non deixa sequera pasar unha tímida raiola de luz, un mínimo asomo de esperanza. Pérdense as cores, os recendos, todo se torna escuro, sen brillo, é unha agonía sen fin.



Por último, un NOOOON!!!!, arrepiante, visceral, que traspasaría a alma, aínda do máis insensíble. É o berro dun inocente condenado a morte, destes que ninguén escoita, aos que ninguén atende, eses que para o resto da humanidade non teñen dereito a ser escoitados, marca en forma tallante e





rebelde a visión dun futuro sen futuro. A imaxe dun rostro desencaixado, cun veo na boca que evita calquera manifestación e outro nos ollos que deixa ás claras a imaxe dunha cegueira na que se escudan os poderosos, provocada pola ambición desmedida, por un mercantilismo desapiadado, indolente. É aquí onde a vida trata de rexurdir, pero atópase desvirtuada, presa dun medio que xa non lle é propicio, dunha terra que non lle abonda, porque xa non pode xerar vida; pero aínda neste postremo intento de rexurdimiento, non deixa de ser rebelde, de denunciar, de dicir, polos que non son escoitados, quen son os culpables de tanto desastre, de tanta morte, de todo o avance cara a un futuro que non ten futuro, cando menos non para a vida.

Neste traballo, efémero como performance que é, Camaño Xestido non soamente interactúa como o fixera nas intervencións anteriores, senón que se ispe, si, fica nu artística pero tamén fisicamente, diante de todos os presentes, artistas e observadores, para denunciar a agresión desaforada á que está crecentemente sometida a terra, así como o cinismo e imbecilidade dos gobernantes, que se recrean en pseudoeventos panfletarios, como o celebrado por estas datas baixo o burlesco título de “Cumio para salvar o Planeta”, ou máis concretamente “A ONU converte o Cumio da Terra na derradeira ocasión para salvar o planeta”, algo que incomoda e irrita aínda máis ao artista, por iso, por toda a mentira, por todo o engano que encerra.

Camilo Camaño Xestido, déixanos entre o seu legado artístico, esta testemuña da súa preocupación pola conservación do medio ambiente, pola natureza, algo imprescindible para a supervivencia humana. Claro está, como a obra física é tan efémera como a súa duración, a da súa interacción nun cruel vivo e directo duns corenta e tres minutos, quedamos co testemuño gráfico da artista fotógrafa alemá Karin Hölzlarimme, tan duro como real. Por iso, en nome propio e da humanidade, grazas Mestre Camaño.

Galiza, setembro de 2002
C.M. Cardona Camargo- Sastre
(Buenos Aires- República Argentina)





*Galiza profunda,
mestura de Mar
e Monte*

INTERVENCIÓN · I

INTERVENCIÓN I “Galiza Profunda, mestura de Mar e Monte”

Trátase da primeira das tres intervencións que neste encontro realiza Camaño Xestido directamente vencelladas á natureza, a unha Galiza profunda onde se compatibiliza en perfecta harmonía o mar e o monte, a cidade e o rural. Está desenvolvida entre o río e os elementos de sostén das beiradas, onde a cor e un texto dan sentido ao cadro, todo envolto polo medio natural existente.

*“ Remanso de paz, ... interior, ...natureza, equilibrio no leito do Lérez. Harmonía...!
complicemente enfrontada co mar de cerne, tan a miúdo enrabexado e nembargantes (porén) NAI “.*



“ Remanso de paz, ... interior, ...





... natureza, equilibrio ...





... no leito do Lérez...



p. 28

ARTE E NATUREZA · Camilo Camaño Xestido
Cadernos de A Mangallona · Nº 1



... Harmonía...!





... compliceamente enfrontada co mar de cerne, tan a miúdo enrabexado e nembargantes (porén) NAI "






*Galiza eterna,
Mar e Monte*

INTERVENCIÓN · II

INTERVENCIÓN II “Galiza Eterna, Mar e Monte”

Esta intervención componse dunha parte física, onde a cor e grafismos permanecen sobre os laterais do mesmo soporte que serve de sostén do leito do río, simbolizando a complicidade dos diferentes aspectos da Galiza Eterna e dual: urbana e rural, luz e cor, mar e monte, e outra absolutamente efémera, na que Camaño Xestido combina pigmentos coa auga e, aproveitando a luz que traspasa a xenerosa vexetación, provoca composicións efectistas, que se ven complementadas ao se mesturar coa natureza morta que poboa a superficie líquida, para logo esmorecer sen deixar máis pegada que a ilustrada.















*Se procura un mundo
habitabile, sostenible
e humano*

INTERVENCIÓN · III

INTERVENCIÓN III “Arte e Natureza”

Na procura dun mundo habitable, sostible, humano, ...

O día xa non daba máis de si e as dúas intervencións rematadas. Todo estaba disposto para recoller os elementos e materiais empregados nelas e retirarnos a cear co resto do grupo, momento dobremente interesante polo debate que se producía en cada descanso, tanto no referido á intervención executada, como ao panorama plástico en xeral. Un arrepiante e contundente NOOON...! invade o espazo. Camilo dá a volta e grafa ese terrible non nun conxunto de elementos graníticos –seis cantos rodados- que a propósito dispón na contorna próxima ao lugar onde tiña interactuado.

Estamos absolutamente seguros de que nese intre, algo traspasaba a súa mente e corazón ata deixalo seriamente ferido, preludio do que sería a terceira e máis crúa e descarnada das intervencións, que titulará igual que o nome xenérico do encontro, “Arte e Natureza” á que daría forma e crearía durante esa noite, aínda sen saber con que materia, nin como conseguila, pero disposto a reinventar o que fose preciso con tal de conseguir o obxectivo. Xa na retirada, di: “faltan tres minutos para a hora e teño que limpar os pinceis, necesito algo sólido como soporte”. De contado atopamos un anaco de plafón, que aproveitou para cun xesto telegráfico e de xeito áxil e fresco, plasmar o lugar no que escollera para actuar, como se tivese medo de perdelo ou esquecelo. A sensación que transmite nese apunte é a dunha contorna repleta de vexetación entrando en setembro e enchoupada de abundante auga.

Co gallo de nos por en antecedentes, Camilo vai debullando paseniñamente, e con certo grao de rubor, cal é a súa intención para a terceira das intervencións. Fálanos da intención crítica sobre o maltrato ao que están sometidos tanto o planeta, coma os seus habitantes, agás unha ínfima minoría, que se reduce a familias concretas e corruptas e a sectores privilexiados. Tamén nos refire que a súa posta en escena espido, en absoluto é frivolidade, simplemente autenticidade, contundencia, sen escurantismos. Orixe da súa filosofía.





FILOSOFIA E ORIXE DAS TRES INTERVENCIÓNS

**Noite de reflexión para un proxecto efémero,
pero humano e solidario, en defensa da Natureza.**

Cando se aproxima a hora de retirada, polas nove da tarde do trinta e un de agosto do ano de dous mil dous, concluíndo a xornada dos Encontros “Arte e Natureza” e, logo de executar dúas intervencións, algo terrible sucede no meu interior. Sen poder evitalo, do máis profundo xúrdeme un arrepianteNoooooon....!!!, que fai estremecer a cantos asisten, mesmo ao propio espazo.

De seguido e xa ceados, irremediabilmente sinto unha imperiosa necesidade de me expresar con total e absoluta liberdade, laiar aos catro ventos, ata a extenuación, ata o infinito, toda esa dor e sensación de impotencia que me invade, vomitar tanta rabia contida. Unha vital necesidade de denunciar tanta inxustiza, tanta miseria encuberta, tanta falsidade, tanta deshumanización, tanto poder para a destrución sen prever as consecuencias ou acaso si previndo pero desde o máis simple, o máis rendible, o enriquecemento inmediato sen importar as consecuencias, sen importar os desposuídos no presente, nin no futuro que van herdar as xeracións vindeiras.

Grandes monopolios, inmensas multinacionais que acaparan as tres cuartas partes da riqueza do planeta, con indiferenza da maneira de facelo. Falsos moralistas con dobre conduta, que logo de masacrar, redimen as consciencias simulando subsidios, axudas ao terceiro mundo que a propósito e conscientemente construíron para ser sometido, aos necesitados, que o son grazas ás atrocidades sufridas, aos bens saqueados, ao espolio do seu medio de vida, á destrución dos seus ricos espazos naturais, da súa supervivencia.

Dobre moral manifesta a cotío no sometemento social ao que está exposta a humanidade, co permanente acoso e abuso do poder contra os menos favorecidos, con políticas imperialistas, prepotentes, represoras, corruptas e inadecuadas; co macrocapitalismo cruel e inquisidor; con absurdos, delictivos e inhumanos comportamentos dos insultantes poderes dos monopolios xigantes e colosos da economía, todos eles en moitas das ocasións amparados en inxustas xustizas as veces aplicadas á medida ou á carta, que escravizan á sociedade sen contemplacións, ata a absoluta submisión. Dobre moral



manifesta asemade en institucións, que baixo o acubillo legalista e conservacionista, pregoan artellar eventos aparentemente favorables e importantes co gallo de atopar unha nova orde social e salvadora, finxen exercer controis para favorecer ao conxunto da sociedade, que traducido á realidade non ven ser máis que favorecerse eles mesmos. Ese grupo de privilexiados, orquestran falsos macroeventos ao abeiro de falsas realidades, como por exemplo o que se convoca á sazón nestas datas en Johannesburgo- Sudáfrica, que baixo o fachendoso título “ La ONU convierte la Cumbre de la Tierra en la última ocasión para salvar el Planeta”, onde conflúen 188 estados, representados por cincuenta mil delegados e entre eles, os que foran quen de dinamitar o Protocolo de Kioto, ao se negaren asinalo, como exemplo Bush, principal convocante e quen forzara para que so se asinasen declaracións de intencións. Eventos panfletarios, que antes do seu comezo, sabían da súa falsidade, todos eran conscientes de que remataría cos mesmos incumprimentos que o Cumio de Río, claro está, sempre con titulares espectaculares e aparentemente esperanzadores: Como contaminar menos, como resolver temas como os máis de mil douscentos millóns de poboadores sen auga potable, dous mil millóns sen subministro de enerxía, setecentos setenta e sete millóns de almas morrendo de fame, ou o risco de que un terzo das especies estean seriamente ameazadas e en perigo de extinción... En definitiva, o que suporía a necesidade de crear un novo modelo de desenvolvemento para a Terra.

Ben certo que nesta intervención ou performance, non agroma outra filosofía, que a concienciación dunha cruel realidade, que a denuncia de tanta inxustiza exercida polos macropoderes, de tanta hipocrísia . É asemade intención, a procura dun mundo mellor, máis xusto, máis igualitario e menos inquisidor. A xenerosidade coa Nai Natureza, xeradora de vida. Unha chamada para a concienciación contra calquera agresión ao medio natural, polo propio ben, mais sobre todo en beneficio da continuidade da vida, da vida no presente, pero sobre todo da vida de vindeiras xeracións, para evitar de que herden un mundo asolado, ateigado de morte e miseria, un mundo de desolación, orfo.... , un planeta ermo.

En definitiva, que este exercicio se converta nunha obra para a reflexión, para remover e renovar consciencias, que contribúa a facer renovados valores así como a unha profunda consideración sobre os mesmos, que os valores materiais non se antepoñan aos humanos e á propia natureza. Que sirva para nos decatarmos de que a riqueza carece absolutamente de valor se non existe vida, ou o medio que nos permita desenvolvela. Que sirva, asemade, para desenmascarar aos que inventan guerras e violencia,



baixo o amparo da legalidade e con fins unicamente materiais, como mostra de poder desmesurado, con total indiferenza do sufrimento que produzan e absoluta impunidade.

É humilde intención, facernos reflexionar sobre a importancia de valorar o amor sobre o odio, a paz sobre a violencia, a construción sobre a destrución, o respecto pola natureza sobre a indiferenza ...

En Forcarei, durante a noite do 31 de agosto ao 1 de setembro de 2002.

Cando me dispoño a dar corpo á performance e aos seus distintos cadros, onde se reflicte a reflexión redactada anteriormente, véxome na necesidade primeiro de deseñar ou imaxinar a evolución da actuación, que debe relacionarse co título do encontro, "Arte e Natureza"; logo buscar elementos para a posta en escena , na que hei intervir espido. Tres van ser os movementos principais: o encontro co medio natural e un canto á creación, a intervención humana e terrible destrución ate mesmamente a morte e por último o retorno ou resurrección a un mundo ermo.

Vaia tanto sufrimento vivido en favor da humanidade e o medio natural que nos acubilla.

Camilo Camaño Xestido







*Un canto à Natureza.
Intervención hum, ana
e destrucción.
Un mundo ermo.*

PERFORMANCE

1 de setembro de 2002





























· ESCOLMA VISUAL ·

UN PERCORRIDO DENDE A COR

“coa fin dunha maior proximidade, e mellor lectura dramática e efectista da posta en escea, queremos reflectir una ducia de imaxes en cor, das tres intervencións contidas nesta publicación”.








en


Montana

da





















...la Cumbre de la Tierra
...para salvar el planeta

ERDES TAMAIIS
BSH!

AC20B

TERNO
POLA
NACUNELLA

PRELIMINAR ACTUACIÓN III

Performance

Observo as fotografías unha e outra vez, unha a unha, secuencialmente. O seu corpo e o seu rostro vanse transformando, desfigurando. Non é unha simple intervención, non é tan só unha denuncia. Hai algo máis, algo máis aló de toda escenografía. Camilo inmólase!

Móstrase espido e preguntome: por qué?

¿Que hai detrás desa nudez, descarnada e absoluta?

Detéñome unha e outra vez co obxectivo de introducirme nesa grafía e na miña mente aparece unha tímida reflexión: Non é el, senón ela, a natureza.

Móstrase espido sen disfraces, sen escudos, a cara e corpo descubertos, sen rubor, sen complexos. Quererá demostrarnos a vulnerabilidade do torturado cando o torturador o despoxa? Facer alusión á insignificancia do enfermo cando, espido, o examina o seu médico?

Gritará, talvez: Mirade a beleza! Está aí, na ausencia de artificios, inocente e xenerosa.

Camilo móstrase espido e non é el, senón ela. Agora o entendo.

Baixo esta reflexión vexo e repaso de novo as fotografías, furgo no seu contido, na contundencia do xesto, na absoluta entrega e todo adquire outro sentido, outra dimensión.

Na súa faciana está a dor dos pobos amazónicos, do indixenismo que tanto respecta e admira; o impacto que lle produce cando os descubre nas múltiples viaxes afondando noutras culturas; toda a ignominia que sufriron as súas terras e as súas xentes.

Está a súa terra - a nosa, a de todos os habitantes do planeta- sometida a un vil maltrato: montes rabuñados con zarpas de cemento, vales destruídos en pro do benestar, ríos espesos cos restos da avaricia, bosques decapitados, queimados e esquilados con armas de codicia, pobos sometidos polos prepotentes e a súa soberbia.

Móstrase espido porque non é el, senón ela, ou simplemente así o decide e, ambos se funden nunha harmónica dualidade.



Agora o entendo. Somatiza a súa dor, inmólase perante os espectadores, el. Ela é a vítima. O desprezo é a súa arma.

Intenta na súa denuncia calmar a súa dor, lambe as súas feridas con pigmentos, acariña con pinceis e intenta pedir perdón por el, por nós, coa súa mensaxe, cun esgazador grito... Noooooon!!

Camilo funde o seu corpo e a súa alma coa contorna e, unha vez máis, como o fixo sempre a través da súa obra, denuncia desde A PAZ e desde o compromiso que comeza nun mesmo.

A performance é efémera, instantánea, pero a lembranza, a intención e o significado queda en todos aqueles que o presenciaron, a reflexión multiplícase na mirada de cada espectador, a denuncia queda na memoria, a solución...

Camaño Xestido, grazas pola valentía de mostrarte despojado e transparente aos espectadores e lectores, grazas por ter a xenerosidade de ver máis aló deste nu, quizais máis aló deste mundo ou cando menos máis aló do meramente físico, do meramente material, do banal, en favor do binomio Home- Terra.

María Núñez Jaldá



EPÍLOGO

Tiveron que pasar once anos para tomar unha decisión tan profundamente reflexionada. Son consciente de que esta publicación pode ser susceptible de xerar polémica ou ferir sensibilidades, pero coido que xa estivo demasiado tempo agochada, entre diversidade de obras, proxectos, lembranzas e, hoxe máis ca nunca, debe exercer de demanda para a que fora creada, debe ceibar aquel enxordecador be-rro contido, aquel contundente noooooon...! Contra toda a inxustiza, contra a cruel agresión á que está sometida a humanidade e o medio no que habita, pois lamentablemente, a filosofía da obra, está tan vixente coma daquela, mesmo máis, se cadra.

Vaia pois a cruel mensaxe coa máis pura intención de abrir consciencias, as do conxunto da sociedade, polo que puidese aportar ao planeta e habitantes, pero sobre todo ás consciencias corruptas e especu-ladoras e que tanto dano fan, por se fose quen de facelas mudar, ou cando menos de convidalas a unha fonda reconsideración.

Abofé que é imprescindible salvar o planeta, pero iso non se consegue coa salvaxe política de contami-na, destrúe, enriquecete ilicitamente e paga, ou no mellor dos casos non pagues. Tampouco é posible salvar aos seus poboadores, nin lograr o equilibrio social, a equidade, unha distribución xusta da ri-queza, cando estamos abocados a ver como se delinque impunemente, cando se rouba e malversa ata provocar a quebra de estados, cando se considera como algo natural e lícito a existencia de paraísos fiscais, cando se ten absoluto coñecemento das grandes fortunas agochadas neles, así como da pro-cedencia e pertenza das mesmas e non se fai nada para recuperalas e enxuizar aos malfeitores polos seus delitos, cando se arbitran leis á carta para unha legalización sen consecuencias para os defrau-dadores. Cando se aceptan subornos e prebendas dos máis corruptos e delincuentes a cambio da súa impunidade.




Cando todo isto sucede, onde queda a dignidade das institucións, da xustiza, dos seus administradores ?

Ben certo é que o mundo non está para melaza, polo que mais ca nunca, é mester recuperar todo os valores perdidos, esixir absoluta honradez e transparencia aos poderes legislativos e xurídicos, para que a súa vez estes dispoñan da moral suficiente para facer cumprir a legalidade e o lexislado, en beneficio do conxunto da humanidade.

**Coiro, Galiza, Mes das Letras do 2013
Camilo Camaño Xestido**





CAMAÑO XESTIDO, Camilo

Nace en Coiro, parroquia do Concello de Cangas do Morrazo (Pontevedra) o tres de xaneiro de 1951, no seo dunha familia de labregos e mariñeiros.

Rebelde cos plantexamentos docentes e crítico co desenvolvemento sociopolítico da época. Pintor e escultor, interesado polo tratamento de espazos, arquitectura, deseño e creatividade plástica (pintura, escultura, obra gráfica, ilustración, escenografía).

Director da Casa da Cultura de Cangas e Responsable de Arte e Patrimonio, activista cultural e, cofundador e membro de diversos colectivos cívicos, culturais e artísticos: Colectivo Galaico- Luso GALUART - GRUPO 13- , Asociación Galega de Artistas Plásticos e Visuais (AGAV), “Carballart”, “Raíces”, “3 + 3 Vigo”, membro de honra de Le Circle des Artistes Peintres et Sculpteurs du Québec, fundador da Casa- Museo de Camaño Xestido “A Mangallona”. Xurado e Comisario de diversas exposicións e certames nacionais e internacionais. Institue no 1989 o Premio ó Labor Cultural e Investigación “Luces na Mangallona”.

Ilustra diversos libros como: “Palabras que hablan” e “Poemas Dulces” de Rafael Mayor, “ Os Canteiros e os Reloxos de Sol” Jozef Van Linthoudt, “Veleiro de Soños” de Xosé Santos, “Taberna de Soños” de Serafín Graña Rúa, “Bernardino Graña , 75 aniversario”, “Anxo Gago- Manxadoira”, “Mar de Soños” de Bernardino Graña, etc.

Colabora na rodaxe documental “La Generación del 98”, coprotagonizando o personaxe de Don Manuel María del Valle Inclán, baixo a dirección de Xosé Alexandre Cribeiro.



EXPOSICIÓNS

Expón ininterrompidamente dende o ano 1968. Algunhas das máis recentes:

- 1990
 - Sala de arte de CAIXAVIGO - Vigo
- 1992
 - Galería Altamira. Pontevedra.
 - Sala Provincial de Arte Caixa Pontevedra
- 1993
 - Retrospectiva organizada pola Exma. Deputación de Pontevedra no Castelo de Soutomaior “CAMAÑO XESTIDO- Vintecinco anos de Pintura, Paixón e Escultura-”
- 1994
 - Palacio de Congresos e Exposicións
 - Fundación Semana Verde. Berlin - Alemaña.
 - Galería 23 y 12, e salas de Arte do Centro Provincial das Belas Artes e Deseño da cidade - La Habana (Cuba)
- 1995
 - Palacio da Deputación Provincial de Pontevedra- Galicia.” Serie negra afro- americana”
- 1996
 - Instituto Cervantes (Lisboa, Portugal)
 - Casa de Iberoamérica (Holguín, Cuba)
- 1997
 - Cámara de Río de Janeiro (Brasil)
 - Palacio Pedro Ernesto (Brasil)
- 1998
 - “La Tentation”. Casa de Galicia (Bruxelas, Bélxica).
- 1999
 - Abadía de Santiaguíño o Peregrino. Pontevedra.
 - Palace Galería- Viseu (Portugal)
- 2000
 - Galería Atelier Alambique- Río Vide (Portugal)
 - Galería A Outra Margem - Coimbra (Portugal)
 - Casa Galega da Cultura- Vigo
 - Castelo de Soutomaior - Soutomaior. Pontevedra.
- GÓISARTE 2000- Góis, Portugal.
- Paços do Concelho - Montemor o Vello Montemor, Portugal.
- Barlovento/Sotavento- Exposición Galicia- Cuba. Sala Angel Botello. Cangas
- “Catorce pinces”- Mostra Internacional. Galería Hera- Galiza.
- “Raices”- Exposición Galicia- Arxentina. Galería Amalia Domínguez Búa. Bueu.
- Palacio Moliere, Lyon- Francia.
- Universidade de Aveiro
- Fundação João de Magalhães- Portugal.
- Museo de Sintra. Portugal.
- 2001
 - GALERÍA de Arte Dorian - Vigo.
 - Mostra de Arte Sacra. Casa da Bola. Cangas. Pontevedra.
 - Paspartú. Cangas.
 - “Carballart 01 - 5 propostas plásticas para o Orcellón”. Carballiño- Ourense.
 - GÓISARTE 2001. Góis- Portugal.
 - Encontro- obradoiro/Galuart- Le Circle des Artistes de Québec. Mus. A Mangallona.
 - “5 propostas plásticas”. Homenaxe ó Maestro José Delarra. Dominguez Búa- Bueu.
 - Salon Internationale d’Automne à Montréal (Canadá)
 - “16 Propostas da Plástica Galega”. Homenaxe a Oliveira. Galería Hera - Porriño. Pontevedra.
- 2002
 - “Arquitecturas”- Alliance Française de Vigo (50 aniversario da fundación)
 - “Arquitecturas, danzas e tradicións”. Galería ARGA - Moaña. Pontevedra.
 - “I Salón Internacional de Primavera”. ARGA GALERÍA. Pontevedra.
 - Facultade de Belas Artes de Pontevedra.
 - “I Salón de Outono”- III Mostra Internacional Arga.
 - Invitado nos Encontros “Arte - Natureza” (realización de intervencións e performance).
 - Galería El Anticuario- Vigo.
- 2003
 - Capela do Hospital “Arquitecturas Sacras” (Monográfica sobre A Veracruz en ho



- menaxe a Antonio Palacios).
 - IV Mostra ARGA. II Salón de Primavera.
 - V Mostra ARGA. II Salón de Outono (Homenaxe a Juan Gris).
 - Artistas con Unicef. Sala Teucro, Pontevedra.
- 2004
 - VI Mostra Arga. III Salón de Primavera-Homenaxe ao Mestre Delarra.
 - Galería Desván - Vigo.
 - "De Galicia ao Ceará", Estado de Ceará, Fortaleza- Brasil.
 - "Lembrando a Dalí". Sala de Exposicións da Fundación Aragüaney. Compostela.
 - "NADIR- Camiño de Compostela" Lisboa e itinerancia - Portugal, España, Galicia.
- 2005
 - "Conexión 8". Mosteiro de Santo Estevo - Ourense.
 - VIII Mostra Arga. Galería Arga..
 - Ministerio de Educação- Reitoría da Universidade Federal do Ceará- Brasil.
 - "Mar adentro". Galería Centro Cultural Oboé, Fortaleza- Estado de Ceará, Brasil.
 - Artistas con UNICEF. Sala Teucro - Pontevedra.
- 2006
 - Facultade de Dereito da Universidade Federal do Ceará- UFC- Brasil.
 - Ilustracións - Obra directa/intervención-, durante unha conferencia sobre Cervantes e o Quixote, dictada polo Académico Dr. Pedro Paulo Montenegro, na Academia Cearense das Letras.
 - Deseño e ilustración do álbum "Manxadoira" para a Banda Manxadoira.
 - IX Salón de Primavera Arga. Homenaxe a Mario Silva. Arga Galería.
 - Tres máis tres Vigo. Sala I do Centro Cultural de Caixanova - Vigo.
- 2007
 - X Salón de Primavera Arga- Encuentros Galicia, Portugal, Angola. Arga Galería.
 - Tres mais tres Vigo. Salas de Exposicións da Casa de Galicia de Madrid.
- 2008
 - Artistas con UNICEF. Sala Teucro, Pontevedra.

- 2009
 - Tres mais Tres Vigo, Sala do Centro de Arte e Deseño- Deputación de Lugo. Capela Santa Mariña Lugo.
- 2010
 - Intervención e colectiva con AGAEC "In Fragantis na Fraga". Conferencia "Xestación e Xestión da Arte, Fundacións e Museos. A iniciativa Privada/Pública - Fundación Wenceslao Fernández Flórez- Cambre - A Coruña.
 - Colectiva . Casa das Artes - Vigo.
 - "ARS IN ITINERE", Le Circle Culturel Malicien de Paris- Tour Eiffel. París- Francia.

INSTITUCIÓNS PÚBLICAS, MUSEOS E COLECCIÓN

Conta con obras nas seguintes entidades.

- Ministerio de Cultura de Cuba
- Dirección Xeral das B.B.A.A. Luz y Oficios - La Habana, Cuba.
- Dirección Provincial de Cultura La Habana, Cuba.
- Taller Nacional de Grabado La Habana, Cuba.
- Museo "Casa de Iberoamérica" Holguín, Cuba.
- Palacio Pedro Ernesto - Cámara de Río de Janeiro, Brasil.
- Casa de Galicia . " La Tentación" Bruxelas- Bélxica.
- Fundación Galicia- Europa, Bruxelas- Bélxica - Col. Dr. Esteva- Anderson M. D. Houston- , E.E.U.U.
- Col. Ecobès - Institut de Recherche Scientifique de Estrasburgo.
- Centros europeos do Proxecto Comenius: Instituto Colombini Piazenza, - Italia/ Lycée Hector Guimard, Lyon- Francia/ Wilshehshaven- Alemania/- Vantaa, Finlandia/ Leça de Palmeira, Portugal/ Instituto Scolastico P. Villari de Nápoles, Italia/ Liceul C. Mihaell Kogalniceau de Foscania, Rumanía.
- Bialkowski, Bucarest, Rumanía.
- Kammerer , Zurich, Suiza.
- Colección Rosario Alvarez de Sotomayor, Casa- Museo de Sotomayor- Madrid.



- V.M. Tobergte, Argentina.
 - CM. Cardona Sastre, Argentina.
 - Museo “A Solaina de Piloño”, Galicia.
 - Fondo para o Museo de O Barco, Galicia.
 - Concello de Corcubión, Galicia.
 - Concello de Láncara- San Xulián, Galicia.
 - Concello de Cangas do Morrazo, Galicia
 - Concello de Porto do Son, Galicia.
 - Centro Jovellanos, Asturias
 - Facultade de Medicina da Universidade de Oporto- Portugal.
 - Consulado Xeral de España en Montréal , Québec (Canada).
 - Le Circle des Artistes Peintres et Sculteurs du Québec (Canada).
 - Sala permanente en Arga Galería.
 - Colección Caixanova, Vigo- Galicia.
 - Casa Museo de Camaño Xestido “A Mangallona”, Galicia.
 - Monumento público “Monumento nella Rotonda”. Morroja - Pájara. Fuerteventura.
- ...

PREMIOS E DISTINCIÓNS

- Medalla conmemorativa “La Flora de Marianao ” ao labor artístico - cultural Cuba 1994.
- Premio Ilustrísimo Concello de Cangas á Recuperación do Patrimonio Histórico, Artístico e Documental no seu conxunto. Letras Galegas do 1997.
- Premio deseño imaxe corporativa FECIMO. 2000.
- Distinción da Cámara Municipal de Río de Janeiro polo labor artístico- cultural e función social da obra. Inserción nos Anais da Casa das Leis de Moçao - 2001.
- Distinción da Assembléa Legislativa do Estado do Río de Janeiro polo labor artístico- cultural e proxección social. Publicación no Diario Oficial do Estado do Río de Janeiro/ Poder Legislativo 29.06.01.
- Medalla de Ouro, outorgada no Salón Internationale d’ Automne á Montréal - 18e Grand Concours Annel (Canadá) 2001. Trofeo Ciudad de Montréal- 2001.
- Acordo de: Recoñecemento ao seu labor artístico- cultural, tomado pola Comisión Municipal de Goberno do Concello de Cangas, de data 28.06.02 - punto 11º.
- Homenaxe popular e entrega de distincións polo seu labor artístico e cultural. Maio de 2003.
- Distinción da Associação Iberoamericana de Dereito

Constitucional co “Diploma de Socio Honorário e por súas contribucións culturais e plásticas à amizade Cerará / Galicia”.

- Distinción coa IV Edición do “Premio Cacarexo” ao Labor Social, artístico e Cultural. 2009
- Premio Xohán de Cangas ao Labor Cultural. Cangas, Letras Galegas de 2010
- Premio Xohán de Cangas á Creación Artística. Cangas, Letras Galegas de 2013.

...

BIBLIOGRAFÍA

- Gran Enciclopedia Galega (Camaño Xestido, Camilo - Tomo 33 - páx. 174).
- Encontros (A Golada). Cat. Consellería de Cultura- Xunta de Galicia- 1991.
- “Camaño Xestido:25 anos de pintura, paixón e escultura”.Cat. Deputación de Pontevedra- 93
- “Camaño Xestido:Serie negra afro- americana”.Cat. Deputación de Pontevedra- 1995.
- “O Apóstolo, Pontevedra e os Camiños”. Concello de Pontevedra, 1999.
- “Raíces”, Col. Galaico- Arxentina. Cat.Deputación, Xunta, Concello de Bueu, Consulado- 2000
